




# A Madre do que de terra



Cântigas de Santa Maria, n. 156



## Ripresa




## Stanza







a Ma - dre do al - to Rei




por un cré - ri - go, que fo - ran



a fur - t'e - ré - ges pren - der



por - que de San - ta Ma - rí - a



sem - pr'í - a lo - or di - zer.

## Ripresa

A Madre do que de terra | primeir' óme foi fazer  
ben pód' a lingua tallada | fazer que póssa crecer.

## Stanze

**1** Dest' un mui maravilloso  
miragre vos contarei,  
que fez, e mui piadoso,  
a Madre do alto Rei  
por un créigo, que foran  
a furt' eréges prender  
porque de Santa María  
sempr' ía loor dizer.

**2** Poilo ouvéron fillado,  
quiséranos i matar;  
mais, polo fazer penado  
viver, foron-lle tallar  
a lingua ben na garganta,  
cuidando-o cofonder,  
porque nunca mais da Virgen  
fosse loor compõer.

**3** Pois que ll' a lingua tallaron,  
leixárono assí ir;  
e mui mal lle per jogaron,  
ca non podía pedir  
nen cantar como cantara  
da que Déus quiso nacer  
por nós; e con esta coita  
cuidava o sen perder.

**4** E o que mais grave ll' éra,  
que quando oía son  
dizer dos que el disséra,  
quebrava-ll' o coração  
porque non podía nada  
cantar, onde gran prazer  
ouvéra muitas vegadas,  
e fillava-s' a gemer.

**5** El cuitad' assí andando,  
un día foi que chegou  
a Cunnegro, e entrando  
na eigreja, ascuitou  
e oiu como cantavan  
vésperas a gran lezer  
da Virgen santa Reíña;  
e quis con eles erger.

**6** Sa vóz, e sa voontade  
e sa punna i meteu.  
E lóg' a da gran bondade  
fez que lingua lle naceu  
toda nóva e comprida,  
qual ante soí' aver;  
assí esta Virgen Madre  
lle foi comprir séu querer.

**7** Esto viron muitas gentes  
que estaban entôn i,  
e meteron mui ben mentes  
no miragre, com' oí;  
e a Virgen porên todos  
fillaron-s' a bēizer,  
e o créigo na orden  
dos monges se foi meter.